

8M DÍA INTERNACIONAL MULLER TRABALLADORA

Irmandade Obreira de Acción Católica
(IOAC - HOAC de Galicia)
Juventud Obrera Cristiana (JOC)

“Despedíronme cando pedín que cumprisen a lei” (Cristina, empregada de fogar que cobraba por baixo dosalario mínimo interprofesional)



“Tiña medo a enfermarse, pero tamén a ser despedida por faltar ao traballo”. (Delia, traballadora doméstica que durante o confinamento seguiu acudindo á casa onde traballaba)



Estes testemuños poñen de relevo como as **mulleres seguimos padecendo a desigualdade**, a precariedade, o empobrecemento e a exclusión no mercado laboral e que a crise sanitaria agravou aínda máis. De feito, a pandemia atrasou o logro da igualdade en 135,6 anos, segundo o Foro Económico Mundial (FEM), que en 2020 estimaba que se necesitarían 99,5 anos.

Ademais, estivemos máis expostas, e seguímolo estando, á COVID-19, pois maioritariamente, traballamos, no sector servizos: sanidade, educación, hostalaría, comercio, e sostendo os sistemas de coidados e traballo doméstico o que significa que mesmo nestes momentos, que, aos poucos vaíse notando certa recuperación económica no noso país, a **nosoutas séguennos deixando fóra**.

Os datos corrobóranos:

- A **taxa de actividade** séguese mantendo un **10%** máis baixa que a dos homes (antes, durante e despois das restricións).
- A temporalidade xa chega ao **41%** e os contratos a tempo parcial ao **74%**.
- A **taxa de desemprego** alcanza o **16,36%** o que supón un **3,5%** máis alto que o masculino, tendencia que continúa a pauta do 2019 e 2020.
- As mulleres **cobran 14,1% menos** que os homes de media, o que equivale a dous meses de salario. As mulleres traballan gratis 43 días ao ano.
- As mulleres de entre 25 e 44 anos sen fillos teñen a máis alta taxa de emprego (**72,8%**). A medida que aumenta o número de fillos e fillas, diminúe dita taxa (con 3 ou máis fillos-as: **53,7%**).
- O **27,2%** das mulleres atópanse en **risco de pobreza**
- A **pensión media** das mulleres é **de 837,98€** mentres que a dos homes é de 1260,02€.

Derrubemos os muros da precariedade e a desigualdade que vivimos as mulleres traballadoras!

Estas porcentaxes reafirman a situación de vulnerabilidade que vivimos: sufrimos máis o paro, a temporalidade, a parcialidade, o desemprego; cobramos menos, traballamos máis; castigáenos por ser nais; e a contía das nosas pensións son máis baixas. E se somos novos e inmigrantes a desigualdade duplícase e/ou triplica.

Neste 8 de marzo, máis que nunca, a JOC e a IOAC - HOAC de Galicia:

- Reivindicamos o dereito a un traballo digno e á dignidade do traballo como dimensión esencial para que se recoñeza a nosa humanidade e non se nos impida achegar á construción dunha sociedade decente desde a nosa singularidade.
- Compartimos a formulación da Organización Internacional do Traballo (OIT), que a saída a esta situación pasa pola recuperación con perspectiva de xénero, reflatando ás traballadoras mergulladas, introducindo subidas de salario mínimo, incrementando os servizos públicos que melloren as súas condicións para a participación e asegurando a implantación de igual salario a igual traballo .
- Demandamos un cambio de modelo na organización e financiamento dos coidados, de maneira que se converta nunha prioridade política e mellore as condicións de emprego neste sector altamente feminizado.
- Facemos unha chamada a todas as mulleres para xerar espazos seguros nos que nos atopemos e tomemos conciencia de que a nosa situación de desigualdade e discriminación está provocada por un sistema social (patriarcado) e económico (capitalismo) que nos ignora e utiliza.
- Comprometémonos a seguir loitando xunto a outros movementos e organizacións eclesiais, sindicais, sociais e políticas para acompañar ás mulleres; cambiar a mentalidade patriarcal e capitalista; traballar para que as institucións garantan os dereitos de todas as mulleres a un traballo digno; e a seguir xerando experiencias que albisquen unha sociedade máis xusta e igualitaria.
- Queremos seguir construíndo, na nosa Igrexa e no mundo, a comunidade de iguais que Xesús creou; e, como aquelas mulleres discípulas que anunciaron a súa resurrección, seguir comunicando a esperanza nos nosos ambientes, promover a xustiza social, os dereitos humanos e a igualdade de xénero. Porque non hai esperanza sen loita, a JOC e a HOAC seguiremos traballando “ata que a igualdade sexa costume”.

“Resistirse á precarización terá que implicar non só cuestionar críticamente o sistema económico e os valores políticos, senón tamén, preguntarse como crecer persoalmente, como formar, educar e conseguir unha cidadanía consciente, crítica e capaz de actuar colectivamente para procurar o benestar de toda a comunidade”. (Neus Forcano)